



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO SECTOR NAIS/PAIS/REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO

CONVOCATORIA (DOCUMENTO Nº 4)

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 30 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR NAIS/PAIS/REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1.- A representación dos pais/nais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou, se é o caso, aos titores legais."

2.- As candidaturas poderanse presentar a partir do **día 11 de novembro ata as 14.00 horas do día 18 de novembro**.

3.- A elección producirase ente os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. A mesa electoral encargarse de presidir a votación, conservar a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.

4.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

5.- O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, polo menos de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou máis de tres, respectivamente."

7.- A votación realizarase o **martes 29 de novembro entre as 18.30 e as 20.30 horas**.

Pontevedra, 07 de novembro de 2022

O Director do IES Frei Martín Sarmiento e Presidente da Xunta Electoral

Asdo: Jose L. Vázquez Carpintero

